

### **Os socialistas de Baralla rexeitan o emprazamento do punto limpo proposto polo concello por situarse no casco urbano da localidade**

Critican que “sexa precisamente o alcalde o que permita que unha parcela de titularidade municipal pase a ser no futuro un foco de contaminación e, como consecuencia, se poña en risco a salubridade dos veciños”

“Case nos atreveriamos a dicir que somos o único concello de Galicia no que se defende a instalación do punto limpo no núcleo urbano”; unha cuestión din, que pon de relevo “a incompetencia do goberno local, xa que, por unha banda, supón “unha agresión considerable ao medio ambiente” e, pola outra, “dá unha imaxe abúlica e de abandono da nosa localidade”

Instan á entidade local a “dar marcha atrás” e a buscar un emprazamento máis afastado do núcleo urbano para a súa localización, como é o polígono industrial

**BARALLA, 11 DE DECEMBRO DE 2014.-** Os socialistas de Baralla rexeitan decididamente o emprazamento do punto limpo proposto polo concello, pois a localización aprobada pola entidade local sitúase en pleno casco urbano. Por este motivo, o secretario Xeral do PSOE – Manuel Becerrea- critica que “sexa precisamente o alcalde o que permita que unha parcela de titularidade municipal pase a ser no futuro un foco de contaminación e, como consecuencia, se poña en risco a salubridade dos veciños”.

Neste senso, os socialistas amosan a súa disconformidade con dita localización. “Case nos atreveriamos a dicir que somos o único concello de Galicia no que se defende a instalación do punto limpo no núcleo urbano”; unha cuestión din, que pon de relevo “a incompetencia do goberno local, xa que, por unha banda, supón “unha agresión considerable ao medio ambiente” e, pola outra, “dá unha imaxe abúlica e de abandono da nosa localidade”.

#### **O polígono industrial, un lugar máis axeitada**

Deste xeito, os socialistas avogan porque a entidade local “dea marcha atrás” e busque un emprazamento máis afastado do núcleo urbano para a súa localización, como pode ser o polígono industrial. “Calquera persoa que veña a Baralla vai ver o punto limpo. Que clase de imaxe se van levar de nós e do noso pobo?. Somos unha localidade de paso, polo que, sen lugar a dúbidas, que o primeiro teñan á vista os cidadáns sexa un vertedoiro non é unha cuestión que nos beneficie, senón máis ben todo o contrario. Somos conscientes, e así o denunciámos os socialistas en diversas ocasións, que a falla dun punto limpo ocasionou varias veces a proliferación de basureiros incontrolados, pero pensamos que, dende logo, esta non é a solución”, insisten.